

COMO MELLORAR O NOSO UBUNTU

(Coma sempre este é un documento borrador, invítovos a melloralo e corrixilo.)

A instalación que por defecto temos de UBUNTU aínda que por defecto ten moitos programas bótanse en falta algúns sobre todo de tipo multimedia. Estes non se instalan porque aínda que son gratuítos non son libres polo que se queremos usalos é decisión nosa.

A miña recomendación é polo menos instalar o seguinte:

1º - Software de código aberto asistido por Canonical

Para elo debemos seleccionar :Sistema > Administración > Fontes do software.

Na pestana Outro software marcamos a primeira liña para engadir o repositorio de socios de Canonical no que podemos encontrar Adobe Acrobat Reader ou máquina virtual de Java entre esta lista de paquetes.

2º – Repositorio Medibuntu

Este repositorio é moi interesante para obter multitude de programas e codecs multimedia e sobre todo para instalar correctamente o interesante Google Earth.

Para agregar o repositorio facemos clic no menú Sistema > Administración > Fontes do software > Outro software.

Despois facemos clic sobre o botón Engadir para agregar o repositorio de Medibuntu.

A continuación debemos escribir no recadro Liña de APT o seguinte:

`deb http://packages.medibuntu.org/ lucid free non-free`

e facemos clic en Engadir orixe. Se non se activa este último botón é que non está ben escrita a liña.

Veremos o novo repositorio engadido e activado polo que facemos clic en Pechar. Pero, como cada vez que agreguemos un repositorio, teremos que actualizar a información dos programas dispoñibles premendo o botón Recargar.

Unha vez rematada a actualización encontraremos unha mensaxe de erro. Esta nos informa que non se puido verificar a firma do repositorio. Non é imprescindible pero si moi útil obter esa firma polo que tras pulsar Pechar imos solucionar este problema.

Facemos clic en Sistema > Administración > Xestor de paquetes Synaptic.

Abrimos o Xestor de paquetes Synaptic, buscamos medibuntu e facemos dobre clic sobre o paquete medibuntu-keyring para marcalo.

Inmediatamente veremos un aviso para informarnos que o paquete non está autenticado. Efectivamente, por iso queremos instalalo. Así que pulsamos sobre o botón Marcar e desaparecerá a mensaxe.

A continuación facemos clic sobre o botón Aplicar para instalar el paquete.

De novo podemos ler que imos instalar un paquete non autenticado. Como estamos seguros do que estamos facendo pulsamos o botón Aplicar.

Unha vez finalizada a instalación temos que actualizar a información dos paquetes. Por iso facemos clic no botón Recargar.

3º – Ubuntu-restricted extras

Aproveitando que temos aberta a ventá de Synaptic podemos buscar Ubuntu-restricted extras e marcalo para instalar tamén. Este paquete depende de algúns paquetes de uso común del repositorio Ubuntu multiverse polo que previamente debemos telo activado.

Ao instalar este paquete teremos soporte para reproducir arquivos MP3 e para decodificar outros formatos de audio (cos complementos Gstreamer), podaremos usar tipografías de Microsoft, instalará o entorno de execución de Java, o complemento de Flash e LAME (para crear arquivos de audio comprimidos), e poderemos reproducir DVD.